

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

PORTOS DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 6 de agosto de 2013 pola que se aproba o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Rianxo (A Coruña).

A Área de Explotación e Planificación Portuaria do ente público Portos de Galicia redactou e tramitou o documento de delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Rianxo, instalación portuaria situada no termo municipal do mesmo nome na provincia da Coruña e adscrita ao ente público para a súa xestión. Este documento foi redactado de acordo coa súa formulación prevista no artigo 69 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro (*Boletín Oficial del Estado* núm. 253, do 20 de outubro), aplicable ao dominio público portuario competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en defecto de lexislación autonómica propia.

Na reunión do Consello de Administración de Portos de Galicia, do día 30 de xullo de 2013, este acordou dar a súa conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Rianxo, segundo o disposto no artigo 13.e) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo, polo que se aproba o regulamento do ente público, modificado polo Decreto 83/2002, do 28 de febreiro, e no referido artigo 69 do texto refundido, así como elevalo e propoñelo para a súa aprobación.

Unha vez vistos o expediente e o informe-proposta da xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria de 18.7.2013, que conta coa conformidade do director de Portos de Galicia, así como o Acordo do Consello de Administración de Portos de Galicia do 30.7.2013 que dá a conformidade á delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Rianxo e elevándoo e propoñéndoo para a súa aprobación, o presidente do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia, por delegación da conselleira do Medio Rural e do Mar conferida pola Orde do 30 de marzo de 2012,

RESOLVE:

Aprobar o documento da delimitación dos espazos e usos portuarios do porto de Rianxo (A Coruña), asinado en abril de 2013 polos enxeñeiros de camiños, canles e portos Andrés Cervantes Refojos, como xefe do Departamento de Planificación Portuaria, e por Ana Isa-



bel Calzadilla Bouzón, como xefa da Área de Explotación e Planificación Portuaria, e a súa memoria ambiental aprobada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 18.7.2013.

O que se fai público en cumprimento do artigo 69.6 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2013

José Juan Durán Hermida
Presidente de Portos de Galicia

